



CIRCULAR nº 4

22 marzo 2019

[Galego](#)

[Castellano](#)

Bases da convocatoria pública de contratación dun/dunha arquitecto/a (titulado/a superior) para que preste as funcións de arquitecto/a de visado así como as funcións de persoal de apoio á Área de Formación.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Conforme ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión 1/2019 de 17 de xaneiro, comunicado na circular 1/2019 de 31 de xaneiro, creouse 1 praza de arquitecto/a (titulado/a superior) para que preste as funcións de arquitecto/a de visado na delegación de A Coruña, con dispoñibilidade de prestar ademais ditas funcións na sede colexial, así como as funcións de persoal de apoio á área de formación.

Neste sentido, en virtude do previsto no art. 9 do Convenio Colectivo do COAG e na circular referida, tras quedar deserto o concurso interno para cubrir a devandita praza, o Tribunal designado para realizar o proceso de selección, determinou a realización dunha convocatoria libre para prover dita vacante nos seguintes termos:

Tipo de contrato: laboral indefinido.

Titulación académica esixida: Arquitecto/a ou título equivalente para acceder á titulación profesional de Arquitecto/a.

Categoría da praza a ocupar: Grupo I. Titulados superiores e arquitectos.

Funcións a desenvolver: as propias da categoría, adscribíndose ás áreas funcionais de visado e formación.

Retribución anual: 25.987,59 euros brutos anuais.

Contido das probas a realizar para a praza: consonte ao apartado específico nestas bases.

Período de proba: 2 meses.

Centro de traballo: delegación en A Coruña do COAG. Non obstante, a persoa seleccionada deberá ter disposición para desprazarse coa periodicidade que sexa oportuna á sede colexial.

Vacacións e Horario: conforme ao previsto no Convenio Colectivo do COAG.

Prazo de solicitude de participación: ata as **23:59 horas do 27 de marzo de 2019.**

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

Os participantes deben cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser arquitecto/a persoa física e estar colexiado no COAG ou en calquera Colexio de Arquitectos de España, atopándose ao corrente de pagos, en plenitude dos seus dereitos como colexiado e plenamente habilitado para o exercicio da profesión de arquitecto.
2. En caso de non estar colexiado no COAG, o participante deberá presentar un [compromiso expreso de colexiación no COAG](#), en caso de resultar seleccionado, conforme ao modelo establecido.
3. Aportar xustificante de dispoñer do CELGA4 (Certificado de Estudos de Lingua Galega, nivel avanzado). En caso contrario, será necesario superar unha proba específica de galego.
4. Presentar a solicitude de participación, debidamente cuberta e asinada, no prazo que se indique.
5. Aportar un Curriculum vitae, cun máximo de 4 páxinas A4, no que se manifesten e acrediten os méritos (formación, coñecemento e experiencia...) do participante respecto da contratación convocada. Non será preciso acreditar a obtención do título habilitante, así como os méritos dos que teña constancia o COAG (cursos realizados no COAG, experiencia laboral no COAG...)
6. Non desempeñar cargo colexial ningún, salvo que se presente [compromiso expreso de renuncia](#) conforme ao modelo establecido.





7. Non ter a condición de funcionario, nin depender como contratado de ningunha administración pública, salvo que se presente [compromiso expreso de renuncia](#) conforme ao modelo establecido.

3. CONDICIÓN XERAIS

Canle de comunicación: toda comunicación deste proceso será por medios telemáticos, conforme ás seguintes indicacións:

- Solicitud de participación: o formulario coa solicitude de participación estará dispoñible no seguinte [ENLACE](#), no que se deberá aportar o currículo e o resto de documentos que procedan dos referidos no apartado 2, debidamente cubertos e asinados.
- Consultas: os colexiados no COAG deberán facer as súas consultas a través da [plataforma de consultas colexial](#). Os colexiados noutros Colexios de Arquitectos de España poderán facer as súas consultas a través do seguinte [ENLACE](#).

O Colexio utilizará o correo electrónico que indiquen os participantes na súa solicitude de participación para as comunicacións persoais requiridas no proceso.

Documentación dos participantes: a documentación a aportar no formulario de solicitude de participación será remitida en formato pdf asinado polo participante mediante certificado dixital de persoa física DNle, FNMT, Camerfirma ou Firmaprofesional.

Acreditación de méritos: en caso de que non conste a acreditación da totalidade de méritos incluídos no currículo, a documentación será requirida pola Secretaría colexial aos candidatos que obteñan a puntuación necesaria para pasar á fase de entrevista.

Este trámite non se concederá cando se trate de omisións absolutas da documentación referida. Non será preciso acreditar a obtención do título habilitante, así como os méritos dos que teña constancia o COAG (cursos realizados no COAG, experiencia laboral no COAG...)

Probos presenciais e entrevistas: desenvolveranse no día e lugar que determine o Tribunal. Os candidatos acreditarán a súa identidade mediante DNI ou outro documento recoñecido. As probas serán accedendo vía internet á plataforma de formación do COAG, debendo acudir os candidatos provistos do seu propio dispositivo capaz de conexión wifi e aplicacións ofimáticas (textos, follas de cálculo, presentacións, impresión a pdf) que poderán ser vía internet.

Prazos: os prazos comunicaranse, preferentemente e por defecto, dando a data inicial e final hábiles; no caso de non dar a data inicial, se entenderá hábil dende a comunicación; de darse un prazo en días, a data final será a de engadir tales días á data inicial ou de comunicación, sen computar sábados, domingos e festivos nacionais e autonómicos de Galicia. Os prazos son continuos desde o momento de comunicación ou as 00:00 horas da data inicial ata as 23:59 horas da data final.

Aceptación das bases: todo participante obríganse ó cumprimento destas bases, quedando excluído do proceso ante calquera incumprimento das mesma ou a incorrección ou falla de proba na inscrición e méritos.

4. PROCESO DE SELECCIÓN

a. Tribunal:

O proceso de selección será levado a cabo por un tribunal configurado por:

1. O decano-presidente, ou persoa en quen delegue.
2. O tesoureiro da xunta de goberno, ou persoa en quen delegue.
3. O secretario da xunta de goberno, ou persoa en quen delegue.





4. Un vogal de xunta de goberno responsable da comisión de concursos, formación, cultura e comunicación, ou persoas en quen deleguen.
5. A persoa responsable da área funcional de visado ou persoa en quen delegue
6. A persoa responsable da área funcional de formación do COAG.
7. Un delegado de persoal ou un/unha traballador/a designado/a pola representación legal dos traballadores e traballadoras, de igual ou superior categoría laboral que a praza convocada.

Exercerá como Secretario do Tribunal o Secretario da Xunta de Goberno que levantará acta do tratado nas reunións do tribunal. Existirá quórum para adoptar acordos sempre e cando estean presentes a metade máis un dos membros do tribunal, sempre e cando asista polo menos un/unha directivo/a colexial e o delegado de persoal ou traballador designado. O tribunal poderá reunirse presencialmente ou en sesión telemática, en función do que considere oportuno.

b. Fases.

O proceso de selección divídese en dúas fases: probas presenciais e entrevista persoal.

As probas presenciais desenvolveranse de forma consecutiva nun mesmo día. Os aspirantes que cumpran os requisitos de participación serán avisados por correo electrónico do lugar, data e hora de inicio das probas.

Para a entrevista persoal serán seleccionados os 4 candidatos con mellor puntuación no conxunto das probas presenciais máis aqueles que lles igualem en puntuación. Os seleccionados serán convocados por correo electrónico do lugar, data e hora de inicio das entrevistas e lembraráselles a súa obriga de aportar os comprobantes dos méritos declarados no curriculum vitae.

5. CONTIDO DAS PROBAS A REALIZAR.

a) Test.

Proba presencial en formato tipo test ou de respostas curtas sobre as disposicións legais que afectan á profesión en relación coas seguintes temáticas:

- Colexios profesionais, CSCAE e COAG: lexislación xeral, estatutos, código deontolóxico, normativa común de visado, regulamento de visado COAG, tramitación de traballos profesionais no COAG.
- Procedemento administrativo común e contratación pública.
- Dereito civil aplicado á arquitectura, inscrición de actos urbanísticos, catastro, taxacións, sociedades profesionais, protección de datos, directiva de servizos, competencia, sinatura electrónica.
- Persoas con discapacidade e igualdade de xénero (urbanismo e edificación).
- Medio ambiente, sustentabilidade, contaminación, residuos e avaliación ambiental.
- Ordenación do territorio, mobilidade, solo, planificación urbanística, xestión, disciplina, rehabilitación e instalacións urbanas.
- Patrimonio natural, patrimonio cultural, estradas, forestal, costas, augas, portos, ferrocarrís, aeroportos, subministros, cemiterios, polígonos industriais.
- Edificación: ordenación da edificación, código técnico, seguridade e saúde nas obras, residuos das obras, certificación enerxética, instalacións.
- Vivenda: vivenda protexida, vivenda en Galicia.
- Actividades, espectáculos públicos e turismo en Galicia.

b. Práctica.

Proba presencial práctica sobre organización e publicación de contidos usando aplicacións xenéricas da ofimática (textos, follas de cálculo, presentacións, impresión a pdf).





c. Entrevista.

O candidato sométese as cuestións que lle formule o tribunal, conforme ao previsto no apartado 6.c desta convocatoria.

En caso de que non conste a acreditación da totalidade de méritos incluídos no currículo, a documentación será requirida pola Secretaría colexial e deberase achegar no prazo de 2 días naturais desde o requirimento.

A Secretaría colexial, previa comprobación da documentación presentada polos candidatos, poderá conceder un prazo de 2 días naturais, para que o candidato corrixa os erros cometidos na presentación da documentación. Este prazo non se concederá cando se trate de omisións absolutas da documentación referida. En caso de exclusión, convocaríase ao seguinte candidato por mellor valoración global.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN .

a. Test.

O obxectivo desta proba é avaliar o coñecemento do candidato respecto da lexislación aplicable ó traballo dos arquitectos.

As preguntas respondidas correctamente suman 1 punto, as respondidas incorrectamente restan medio punto e as non respondidas non se avalían. A puntuación máxima será de 60 puntos.

O test terá unha duración aproximada de 1 hora e 30 minutos. O test supón o 60% da puntuación global das probas presenciais.

b. Práctica.

O obxectivo desta proba é avaliar a capacidade do candidato de organización e divulgación de contidos e a súa pericia no manexo de aplicacións ofimáticas.

Valorarase a coherencia da estrutura da información, a claridade expositiva do discurso, a corrección no uso dos formatos elixidos, e a integridade formato-discurso. Puntuarase mediante xuízo de valor, empregarase unha escala de 1 a 10 para avaliar cada un destes apartados, sendo a puntuación máxima 40 puntos.

A práctica terá unha duración aproximada de 1 hora e 30 minutos. A práctica supón o 40% da puntuación global das probas presenciais.

c. Entrevista.

O obxecto da entrevista é avaliar a experiencia e habilidades esixidas no desempeño da súa contratación.

Como praza do grupo I de titulados superiores e arquitectos, os traballadores pertencentes a este grupo teñen responsabilidade directa na xestión dunha ou varias áreas funcionais do COAG ou realizan tarefas técnicas da máis alta complexidade e cualificación. Toman decisións ou participan na súa elaboración, así como na definición de obxectivos concretos. Desempeñan as súas funcións cun alto grao de autonomía, iniciativa e responsabilidade.

Na entrevista, os membros do tribunal valorarán, conforme ao seu criterio e opinión, as seguintes cuestións en relación cos candidatos:

- Exposición e defensa dos méritos, coñecementos e experiencia que figuren no currículo.





- Exposición e defensa das respostas ás cuestións realizadas nas probas.
- Valoración persoal dos candidatos por cada un dos membros do tribunal.

Os dous primeiros apartados terán unha valoración máxima de 25 puntos cada un.

O último apartado terá unha valoración máxima de 50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá obter na entrevista será de 100 puntos.

A entrevista supón o 50% da puntuación total do proceso de selección, correspondendo o outro 50% ó global das probas presenciais.

d. Selección final.

En caso de empate na puntuación final de varios candidatos entrevistados, cada membro do tribunal disporá dun punto extra para asignar entre os candidatos que realizaran a entrevista persoal.

En caso de que persista o empate, o Sr. Decano terá voto de calidade para determinar os colexiados que pasarán á seguinte fase.

O/A candidato/a que mais puntos obteña será o contratado. Os demais candidatos/as entrevistados/as pasaran a formar un listado de suplentes, ordenados de maior a menor puntuación. En caso de que o/a seleccionado/a finalmente desista da contratación, procederase a ofrecer a contratación aos suplentes pola orde de prelación indicado.

7. RECLAMACIÓN SOBRE O PROCESO DE SELECCIÓN.

Os participantes que o desexen poderán presentar unha reclamación sobre a valoración obtida en calquera das fases, para o cal deberán presentar unha solicitude debidamente motivada e asinada, en caso de ser colexiados no COAG, a través da [plataforma de consultas colexial](#). Os colexiados noutros Colexios de Arquitectos de España poderán facer as súas consultas a través do seguinte [ENLACE](#)

8. INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.

O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG), con domicilio en Praza Quintana, 1, 2º, 15704 Santiago de Compostela, é a entidade responsable do tratamento dos datos de carácter persoal consignados na súa solicitude de participación e na documentación que acompañe, así como dos que sexan xerados a consecuencia da súa participación no proceso de selección.

A finalidade do tratamento é a xestión do proceso de selección e contratación, e a publicidade do mesmo.

Os datos solicitados a través do formulario de inscrición no proceso de selección resultan necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos da convocatoria, así como a súa acreditación mediante a documentación oportuna, se o interesado non facilita estes datos podería ver rexeitada a súa solicitude de participación no proceso selectivo.

A base de lexitimación do tratamento é a petición do participante a tomar parte no proceso de selección, como medida precontractual, e o cumprimento de obrigacións legais polo COAG, como as derivadas da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O COAG poderá publicar no seu sitio web os resultados das probas e do proceso selectivo.

Así mesmo, se lle informa de que o COAG recorre a servizos de terceiros para a prestación de servizos que implican o tratamento de datos por conta de aquel, polo que, como encargados del tratamento, estes





terceiros poderán ter acceso ós seus datos nos seguintes casos: Asesoramento xurídico, Provisión de ferramentas ou tecnoloxías da información e comunicación (comunicacións electrónicas e formularios, aloxamento de servidores, provisión e mantemento de software).

A prestación de determinados servizos de comunicacións electrónicas e servizos TIC son proporcionados por determinados encargados do tratamento (INTELLIGENCE PARTNER, S.L (Google), The Rocket Science Group LLC d/b/a MailChimp) que implica ou pode implicar a transferencia dos seus datos persoais a terceiros países que teñan ofrecido garantías adecuadas, mediante a autorización da AEPD e/ou a adscrición ó marco de Privacy Shield que garante que os interesados contén con dereitos esixibles e accións legais efectivas.

Pode consultar a información relativa a Privacy Shield Framework nos seguintes enlaces:

<https://www.privacyshield.gov/>

<https://www.privacyshield.gov/participant?id=a2zt0000000TO6hAAG&status=Active>

<https://www.privacyshield.gov/participant?id=a2zt000000001L5AAI&status=Active>

Os datos conservaranse mentres se realice o proceso selectivo polo COAG e posteriormente, durante o prazo de exercicio de accións legais ou xudiciais derivadas da citada relación e para dar cumprimento ós obrigas de arquivo o rexistro do COAG.

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si o COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA está a tratar datos persoais que lle concirnan.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, neste caso, unicamente se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán oporse ó tratamento dos seus datos. No caso de que proceda, o COAG deixará de trata-los datos, salvo por motivos lexítimos como o cumprimento de funcións ou obrigas legalmente establecidas, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, este ten o dereito a retirar o consentimento en calquera momento.

O COAG ten designado un Delegado de Protección de Datos co que pode pórse en contacto a través da dirección de correo electrónico dpd@coag.es

No caso de que o interesado estime que non se está a realizar un tratamento adecuado dos seus datos, pode presentar unha reclamación ante o Delegado de Protección de Datos designado polo COAG ou ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).





Castellano

Bases de la convocatoria pública de contratación de un/una arquitecto/a (titulado/a superior) para que preste las funciones de arquitecto/a de visado así como las funciones de personal de apoyo al Área de Formación.

1. OBJETO DE LA CONVOCATORIA

Conforme al acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno, en su sesión 1/2019 de 17 de enero, comunicado en la circular 1/2019 de 31 de enero, se creó 1 plaza de arquitecto/a (titulado/a superior) para que preste las funciones de arquitecto/a de visado en la delegación de A Coruña, con disponibilidad de prestar además dichas funciones en la sede colegial, así como las funciones de personal de apoyo al área de formación.

En este sentido, en virtud del previsto en el art. 9 del Convenio Colectivo del COAG y en la circular referida, tras quedar desierto el concurso interno para cubrir la dicha plaza, el Tribunal designado para realizar el proceso de selección, determinó la realización de una convocatoria libre para proveer dicha vacante en los siguientes términos:

Tipo de contrato: laboral indefinido.

Titulación académica exigida: Arquitecto/a o título equivalente para acceder a la titulación profesional de Arquitecto/a.

Categoría de la plaza a ocupar: Grupo I. Titulados superiores y arquitectos.

Funciones a desarrollar: las propias de la categoría, adscribiéndose a las áreas funcionales de visado y formación.

Retribución anual: 25.987,59 euros brutos anuales.

Contenido de las pruebas a realizar para la plaza: conforme al apartado específico en estas bases.

Período de prueba: 2 meses.

Centro de trabajo: delegación en A Coruña del COAG. No obstante, la persona seleccionada deberá tener disposición para desplazarse con la periodicidad que sea oportuna a la sede colegial.

Vacaciones y Horario: conforme a lo previsto en el Convenio Colectivo del COAG.

Plazo de solicitud de participación: hasta las **23:59 horas de 27 de marzo de 2019.**

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

Los participantes deben cumplir los siguientes requisitos:

1. Ser arquitecto/a persona física y estar colegiado en el COAG o en cualquier Colegio de Arquitectos de España, encontrándose al corriente de pagos, en plenitud de sus derechos como colegiado y plenamente habilitado para el ejercicio de la profesión de arquitecto.
2. En caso de no estar colegiado en el COAG, el participante deberá presentar un [compromiso expreso de colegiación en el COAG](#), en caso de resultar seleccionado, conforme al modelo establecido.
3. Aportar justificante de disponer del CELGA4 (Certificado de Estudios de Lengua Gallega, nivel avanzado). En caso contrario, será necesario superar una prueba específica de gallego.
4. Presentar la solicitud de participación, debidamente cubierta y firmada, en el plazo que se indique.





5. Aportar un currículum, con un máximo de 4 páginas A4, en el que se manifiesten y acrediten los méritos (formación, conocimiento y experiencia...) del participante respecto de la contratación convocada. No será preciso acreditar la obtención del título habilitante, así como los méritos de los que tenga constancia el COAG (cursos realizados en el COAG, experiencia laboral en el COAG...)
6. No desempeñar cargo colegial ninguno, salvo que se presente [compromiso expreso de renuncia](#) conforme al modelo establecido.
7. No tener la condición de funcionario, ni depender como contratado de ninguna administración pública, salvo que se presente [compromiso expreso de renuncia](#) conforme al modelo establecido.

3. CONDICIONES GENERALES

Canal de comunicación: toda comunicación de este proceso será por medios telemáticos, conforme a las siguientes indicaciones:

- Solicitud de participación: el formulario con la solicitud de participación estará disponible en el siguiente [ENLACE](#), en el que se deberá aportar el currículum y el resto de documentos que procedan de los referidos en el apartado 2, debidamente cubiertos y firmados.
- Consultas: los colegiados en el COAG deberán hacer sus consultas a través de la [plataforma de consultas colegial](#). Los colegiados en otros Colegios de Arquitectos de España podrán hacer sus consultas a través del siguiente [ENLACE](#).

El Colegio utilizará el correo electrónico que indiquen los participantes en su solicitud de participación para las comunicaciones personales requeridas en el proceso.

Documentación de los participantes: la documentación a aportar en el formulario de solicitud de participación será remitida en formato pdf firmado por el participante mediante certificado digital de persona física DNle, FNMT, Camerfirma o Firmaprofesional.

Acreditación de méritos: en caso de que no conste la acreditación de la totalidad de méritos incluidos en el currículum, la documentación será requerida por la Secretaría colegial a los candidatos que obtengan la puntuación necesaria para pasar a la fase de entrevista.

Este trámite no se concederá cuando se trate de omisiones absolutas de la documentación referida. No será preciso acreditar la obtención del título habilitante, así como los méritos de los que tenga constancia el COAG (cursos realizados en el COAG, experiencia laboral en el COAG...)

Pruebas presenciales y entrevistas: se desarrollarán en el día y lugar que determine el Tribunal. Los candidatos acreditarán su identidad mediante DNI u otro documento reconocido. Las pruebas serán accediendo vía internet a la plataforma de formación del COAG, debiendo acudir los candidatos provistos de su propio dispositivo capaz de conexión wifi y aplicaciones ofimáticas (textos, hojas de cálculo, presentaciones, impresión a pdf) que podrán ser vía internet.

Plazos: los plazos se comunicarán, preferentemente y por defecto, dando la fecha inicial y final hábiles; en el caso de no dar la fecha inicial, se entenderá hábil desde la comunicación; de darse un plazo en días, la fecha final será la de añadir tales días a la fecha inicial o de comunicación, sin computar sábados, domingos y festivos nacionales y autonómicos de Galicia. Los plazos son continuos desde el momento de comunicación o las 00:00 horas de la fecha inicial hasta las 23:59 horas de la fecha final.





Aceptación de las bases: todo participante se obliga al cumplimiento de estas bases, quedando excluido del proceso ante cualquier incumplimiento de las misma o la incorrección o falta de prueba en la inscripción y méritos.

4. PROCESO DE SELECCIÓN

a. Tribunal:

El proceso de selección será llevado a cabo por un tribunal configurado por:

1. El decano-presidente, o persona en quien delegue.
2. El tesorero de la Junta de Gobierno, o persona en quien delegue.
3. El secretario de la Junta de Gobierno, o persona en quien delegue.
4. Un vocal de Junta de Gobierno responsable de la comisión de concursos, formación, cultura y comunicación, o personas en quien delegue.
5. La persona responsable del área funcional de visado o persona en quien delegue.
6. La persona responsable del área funcional de formación del COAG.
7. Un delegado de personal o un/una trabajador/a designado/a por la representación legal de los trabajadores y trabajadoras, de igual o superior categoría laboral que la plaza convocada.

Ejercerá como secretario del tribunal el secretario de la Junta de Gobierno que levantará acta de lo tratado en las reuniones del tribunal. Existirá quorum para adoptar acuerdos siempre y cuando estén presentes la mitad más uno de los miembros del tribunal, siempre y cuando asista por lo menos un/una directivo/a colegial y el delegado de personal o trabajador designado. El tribunal podrá reunirse presencialmente o en sesión telemática, en función de lo que considere oportuno.

b. Fases.

El proceso de selección se divide en dos fases: pruebas presenciales y entrevista personal.

Las pruebas presenciales se desarrollarán de forma consecutiva en un mismo día. Los aspirantes que cumplan los requisitos de participación serán avisados por correo electrónico del lugar, fecha y hora de inicio de las pruebas.

Para la entrevista personal serán seleccionados los 4 candidatos con mejor puntuación en el conjunto de las pruebas presenciales más aquellos que les igualen en puntuación. Los seleccionados serán convocados por correo electrónico del lugar, fecha y hora de inicio de las entrevistas y se les recordará su obligación de aportar los comprobantes de los méritos declarados en el curriculum vitae.

5. CONTENIDO DE LAS PRUEBAS A REALIZAR.

a) Test.

Prueba presencial en formato tipo test o de respuestas cortas sobre las disposiciones legales que afectan a la profesión en relación con las siguientes temáticas:





- Colegios profesionales, CSCAE y COAG: legislación general, estatutos, código deontológico, normativa común de visado, reglamento de visado COAG, tramitación de trabajos profesionales en el COAG.
- Procedimiento administrativo común y contratación pública.
- Derecho civil aplicado a la arquitectura, inscripción de actos urbanísticos, catastro, tasaciones, sociedades profesionales, protección de datos, directiva de servicios, competencia, firma electrónica.
- Personas con discapacidad e igualdad de género (urbanismo y edificación).
- Medio ambiente, sostenibilidad, contaminación, residuos y evaluación ambiental.
- Ordenación del territorio, movilidad, suelo, planificación urbanística, gestión, disciplina, rehabilitación e instalaciones urbanas.
- Patrimonio natural, patrimonio cultural, carreteras, forestal, costas, aguas, puertos, ferrocarriles, aeropuertos, suministros, cementerios y polígonos industriales.
- Edificación: ordenación de la edificación, código técnico, seguridad y salud en las obras, residuos de las obras, certificación energética, instalaciones.
- Vivienda: vivienda protegida, vivienda en Galicia.
- Actividades, espectáculos públicos y turismo en Galicia.

b. Práctica.

Prueba presencial práctica sobre organización y publicación de contenidos usando aplicaciones genéricas de ofimática (textos, hojas de cálculo, presentaciones, impresión a pdf).

c. Entrevista.

El candidato se somete a las cuestiones que le formule el tribunal, conforme a lo previsto en el apartado 6.3 de esta convocatoria.

En caso de que no conste la acreditación de la totalidad de méritos incluidos en el currículum, la documentación será requerida por la Secretaría colegial y se deberá aportar en el plazo de 2 días naturales desde el requerimiento.

La Secretaría colegial, previa comprobación de la documentación presentada por los candidatos, podrá conceder un plazo de 2 días naturales, para que el candidato corrija los errores cometidos en la presentación de la documentación. Este plazo no se concederá cuando se trate de omisiones absolutas de la documentación referida. En caso de exclusión, se convocaría al siguiente candidato por mejor valoración global.

6. CRITERIOS DE EVALUACIÓN.

a. Test.

El objetivo de esta prueba es evaluar el conocimiento del candidato respecto de la legislación aplicable al trabajo de los arquitectos.

Las preguntas respondidas correctamente suman 1 punto, las respondidas incorrectamente restan medio punto y las no respondidas no se evalúan. La puntuación máxima será de 60 puntos.





El test tendrá una duración aproximada de 1 hora y 30 minutos. El test supone el 60% de la puntuación global de las pruebas presenciales.

b. Práctica.

El objetivo de esta prueba es evaluar la capacidad del candidato de organización y divulgación de contenidos y su pericia en el manejo de aplicaciones ofimáticas.

Se valorará la coherencia de la estructura de la información, la claridad expositiva del discurso, la corrección en el uso de los formatos elegidos, y la integridad formato-discurso. Se puntuará mediante juicio de valor, se empleará una escala de 1 a 10 para evaluar cada uno de estos apartados, siendo la puntuación máxima 40 puntos.

La práctica tendrá una duración aproximada de 1 hora y 30 minutos. La práctica supone el 40% de la puntuación global de las pruebas presenciales.

c. Entrevista.

El objeto de la entrevista es evaluar la experiencia y habilidades exigidas en el desempeño de su contratación.

Como plaza del grupo I de titulados superiores y arquitectos, los trabajadores pertenecientes a este grupo tienen responsabilidad directa en la gestión de una o varias áreas funcionales del COAG o realizan tareas técnicas de la más alta complejidad y calificación. Toman decisiones o participan en su elaboración, así como en la definición de objetivos concretos. Desempeñan sus funciones con un alto grado de autonomía, iniciativa y responsabilidad.

En la entrevista, los miembros del tribunal valorarán, conforme a su criterio y opinión, las siguientes cuestiones en relación con los candidatos:

- Exposición y defensa de los méritos, conocimientos y experiencia que figuren en el currículum.
- Exposición y defensa de las respuestas a las cuestiones realizadas en las pruebas.
- Valoración personal de los candidatos por cada uno de los miembros del tribunal.

Los dos primeros apartados tendrán una valoración máxima de 25 puntos cada uno.

El último apartado tendrá una valoración máxima de 50 puntos.

La puntuación máxima que se podrá obtener en la entrevista será de 100 puntos.

La entrevista supone el 50% de la puntuación total del proceso de selección, correspondiendo el otro 50% al global de las pruebas presenciales.

d. Selección final.

En caso de empate en la puntuación final de varios candidatos entrevistados, cada miembro del tribunal dispondrá de un punto extra para asignar entre los candidatos que hayan realizado la entrevista personal.





En caso de que persista el empate, el Sr. Decano tendrá voto de calidad para determinar los colegiados que pasarán a la siguiente fase.

El/La candidato/a que más puntos obtenga será el contratado. Los demás candidatos/as entrevistados/as pasarán a formar un listado de suplentes, ordenados de mayor a menor puntuación. En caso de que el/la seleccionado/a finalmente desista de la contratación, se procederá a ofrecer la contratación a los suplentes por el orden de prelación indicado.

7. RECLAMACIONES SOBRE EL PROCESO DE SELECCIÓN.

Los participantes que lo deseen podrán presentar una reclamación sobre la valoración obtenida en cualquiera de las fases, para lo cual deberán presentar una solicitud debidamente motivada y firmada, en caso de ser colegiados en el COAG, a través de la [plataforma de consultas colegial](#). Los colegiados en otros Colegios de Arquitectos de España podrán hacer sus consultas a través del siguiente [ENLACE](#).

8. INFORMACIÓN SOBRE TRATAMIENTO DE DATOS PERSONALES.

EL COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG), con domicilio en Plaza Quintana, 1, 2º, 15704 Santiago de Compostela, es la entidad responsable del tratamiento de los datos de carácter personal consignados en su solicitud de participación y en la documentación que acompañe, así como de los que sean generados a consecuencia de su participación en el proceso de selección.

La finalidad del tratamiento es la gestión del proceso de selección y contratación, y la publicidad del mismo.

Los datos solicitados a través del formulario de inscripción en el proceso de selección resultan necesarios para la comprobación del cumplimiento de los requisitos de la convocatoria, así como su acreditación mediante la documentación oportuna, si el interesado no facilita estos datos podría ver rechazada su solicitud de participación en el proceso selectivo.

La base de legitimación del tratamiento es la petición del participante a tomar parte en el proceso de selección, como medida precontractual, y el cumplimiento de obligaciones legales por el COAG, como las derivadas de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

El COAG podrá publicar en su sitio web los resultados de las pruebas y del proceso selectivo.

Asimismo, se le informa de que el COAG recurre a servicios de terceros para la prestación de servicios que implican el tratamiento de datos por cuenta de aquel, por lo que, como encargados del tratamiento, estos terceros podrán tener acceso a sus datos en los siguientes casos: Asesoramiento jurídico, Provisión de herramientas o tecnologías de la información y comunicación (comunicaciones electrónicas y formularios, alojamiento de servidores, provisión y mantenimiento de software).

La prestación de determinados servicios de comunicaciones electrónicas y servicios TIC son proporcionados por determinados encargados del tratamiento (INTELLIGENCE PARTNER, S. L (Google), The Rocket Science Group LLC d/ b/a MailChimp) que implica o puede implicar la transferencia de sus datos personales a terceros países que hayan ofrecido garantías adecuadas,





mediante la autorización de la AEPD y/o la adscripción al marco de Privacy Shield que garantiza que los interesados cuenten con derechos exigibles y acciones legales efectivas.

Puede consultar la información relativa la Privacy Shield Framework en los siguientes enlaces:

<https://www.privacyshield.gov/>

<https://www.privacyshield.gov/participant?id=a2zt00000000TO6hAAG&estatus=Active>

<https://www.privacyshield.gov/participant?id=a2zt000000001L5AAI&estatus=Active>

Los datos se conservarán mientras se realice el proceso selectivo por el COAG y posteriormente, durante el plazo de ejercicio de acciones legales o judiciales derivadas de la citada relación y para dar cumplimiento a los deberes de archivo del registro del COAG.

Cualquier persona tiene derecho a obtener confirmación sobre si el COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA está tratando datos personales que le conciernan.

Las personas interesadas tienen derecho a acceder a sus datos personales, así como a solicitar la rectificación de los datos inexactos o, en su caso, solicitar la supresión cuando, entre otros motivos, los datos ya no sean necesarios para los fines para los que fueron recogidos.

En determinadas circunstancias, los interesados podrán solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en este caso, únicamente se conservarán para el ejercicio o la defensa de reclamaciones.

En determinadas circunstancias y por motivos relacionados con su situación particular, los interesados podrán oponerse al tratamiento de sus datos. En caso de que proceda, el COAG dejará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos como el cumplimiento de funciones o deberes legalmente establecidos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones.



Asimismo, cuando el tratamiento esté basado en el consentimiento del interesado, este tiene el derecho a retirar el consentimiento en cualquier momento.

El COAG ha designado un Delegado de Protección de Datos con el que puede ponerse en contacto a través de la dirección de correo electrónico dpd@coag.es

En caso de que el interesado estime que no se está realizando un tratamiento adecuado de sus datos, puede presentar una reclamación ante lo Delegado de Protección de Datos designado por el COAG o ante la Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).